

#### IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

##### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

*RESOLUCIÓN do 22 de xuño de 2011 pola que fai público o nomeamento de dous novos membros do tribunal que xulgará o proceso selectivo para o acceso á categoría superior da subescala de secretaría da escala de funcionarios/as con habilitación de carácter estatal.*

Por Resolución do 5 de agosto de 2010, do director xeral de Administración local, convocouse proceso selectivo para o acceso á categoría superior da subescala de secretaría da escala de funcionarios/as con habilitación de carácter estatal.

Por Resolución do 7 de outubro de 2010, do director xeral de Administración local, resolverse o recurso de reposición a devandita convocatoria.

Por Resolución do 20 de outubro de 2010, da Dirección Xeral de Cooperación local, dáse publicidade á convocatoria de probas selectivas para o acceso á categoría superior da subescala de secretaría da escala de funcionarios/as con habilitación de carácter estatal efectuada pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Por Resolución do 20 de xaneiro de 2011, do director xeral de Administración local, aprobouse a relación provisional de admitidos e excluídos ás devanditas probas con indicación das causas de exclusión, e fixouse un prazo de dez días, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución, para formular as alegacións que considerasen oportunas.

Por Resolución do 20 de maio de 2011, do director xeral de Administración local, apróbase a lista definitiva de admitidos ao proceso selectivo, a data do exame e désígnase a composición do tribunal cualificador do devandito proceso.

Visto que en Francisco Cacharro Gosende, terceiro vogal titular do tribunal, e en Javier D'Amorin Viéitez, suplente do presidente, concorren causas de abstención conforme o artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, esta dirección xeral, no uso das competencias que lle atribúe o artigo 15.1 do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, en relación coa Orde do 12 de setembro de 2005, sobre delegación de competencias,

#### RESOLVE:

Primeiro. Nomear terceiro vogal titular a Juan Raposo Arceo, profesor titular dereito civil da Universidade da Coruña, e nomear suplente do presidente a María Victoria de Dios Viéitez, profesora titular dereito administrativo da Universidade da Coruña.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o órgano que a ditou, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no artigo 8.2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, en relación co artigo 10.1 do mesmo texto legal.

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2011.

P.D. (Orde 12.9.2005, DOG n.º 177, do 14 de setembro)

José Norberto Uzal Tresandí  
Director xeral de Administración local